

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

ANUNCIO da convocatoria de axudas a persoas deportistas, técnicas, adestradoras, xuízas e árbitras galegas de alto nivel (axudas DGAN-TAXAGAN).

A Fundación Deporte Galego, tendo en conta que o seu obxecto social prevé o fomento do deporte de alta competición, convoca as axudas a persoas deportistas, técnicas, adestradoras, xuízas e árbitras galegas de alto nivel (axudas DGAN-TAXAGAN).

As persoas deportistas solicitantes interesadas presentarán a solicitude (anexo I) preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en formato papel orixinal no Rexistro da Fundación Deporte Galego (rúa Madrid, 2-4, 2º, As Fontiñas, 15781 Santiago de Compostela), ou en calquera rexistro oficial previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación das solicitudes de forma electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), habilitándose unha ligazón na Guía de procedementos e servizos co código DE400F.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

As bases poderanse consultar na sede da Fundación Deporte Galego, no enderezo sinalada anteriormente ou na web <https://deporte.xunta.gal/>. Teléfono 881 99 63 73.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

José Ramón Lete Lasa
Presidente da Fundación Deporte Galego

CVE-DOG: i878xvh9-jwn4-aes2-ojc7-j86gphznd3m1

